

REGULAMENTO DE COPA E SUPERCOPA

ASOCIACIÓN CULTURAL MUSEIROS DE OURENSE





INDICE

CAPÍTULO I. DA COPA E SUPERCOPA EN XERAL	2
Artigo 1. Obxeto.	2
Artigo 2. Órganos Participantes.	2
Artigo 3. Os Capitáns.	2
Artigo 4. Comisión disciplinaria.	3
Artigo 5. Inscrición de Equipos.	3
Artigo 6. Inscrición de Xogadores.	3
CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN DA COPA	3
Artigo 7. Calendario da Copa e sorteo do cadro.	3
Artigo 8. Dos equipos.	3
Artigo 9. Criterio para a elección do equipo Local e Visitante.	4
CAPÍTULO III. AS ELIMINATORIAS	4
Artigo 10. Horarios.	4
Artigo 11. Representante do equipo.	4
Artigo 12. Incidencias.	4
CAPÍTULO IV. AS PARTIDAS	5
Artigo 13. Protocolo de enfrontamentos.	5
Artigo 14. Regulamento de xogo	5
Artigo 15. Resultado da eliminatoria.	5
Artigo 16. Comunicación de Resultados.	5
CAPÍTULO V. RÉXIME DISCIPLINARIO	6
Artigo 17. Normas xerais.	6
Artigo 18. Protocolo de actuación da Comisión Disciplinaria.	6
Artigo 19. Tipos de sancións.	6
Artigo 20. Infraccións GRAVES.	6
Artigo 21. Infraccións MOI GRAVES.	7
CAPÍTULO IV. A SUPERCOPA	7
Artigo 22. Calendario da Supercopa.	7
Artigo 23. Dos equipos que disputan a Supercopa.	7
Artigo 24. Sistema de competición.	7
Artigo 25. Campión da Supercopa.	7



CAPÍTULO I. DA COPA E SUPERCOPA EN XERAL

Artigo 1. Obxeto.

O presente documento recolle as directrices para a organización das actividades da Copa e da Supercopa de mus por equipos da Asociación Cultural Museiros de Ourense (AMOU).

Artigo 2. Órganos Participantes.

As figuras que participan na Copa e Supercopa de mus son as que seguen:

- **Xogadores:** Serán asociados da AMOU que se agruparán en Equipos. Para poder disputar a Copa é condición imprescindible ser socio. Ningún xogador poderá disputar a Copa nun equipo diferente do que compita na Liga.
- **Equipos:** Serán os que, nesa tempada, disputen a Liga da AMOU e aqueles outros que se poidan inscribir para disputala (ver art. 5).
- **Capitán:** Será o representante do equipo a efectos de coordinación co resto de equipos e órganos da Copa.
- **Xerente:** Representante da Sede encargado de dispor dos medios necesarios para o correcto desenvolvemento da eliminatoria de Copa (dispoñibilidade de mesas, cartas, amarracos, tapetes...). O non cumprimento do exposto anteriormente de xeito reiterado será motivo de sanción con veto á Sede.
- **Comisión Disciplinaria (CD):** Constituída ao amparo do Artigo 25 do regulamento do Réxime Interno da AMOU e desenvolvemento no Artigo 4 do Regulamento de Liga.
- **Xunta Directiva:** Órgano da Asociación que dirixe a AMOU.

Artigo 3. Os Capitáns.

Son os representantes dos equipos a efectos de coordinación co resto de equipos e órganos da Copa.

Tódolos capitáns deberán facilitar unha dirección de correo electrónico a efectos de enviar e recibir as notificacións oficiais da AMOU. A dirección de correo electrónico facilitada por cada Capitán será comunicada ao resto dos Capitáns e membros da Xunta Directiva. Non caso de que non dispoña dunha dirección de correo electrónico, poderá solicitar a Xunta Directiva que lle facilite unha da AMOU.

É responsabilidade do Capitán:

- Realizar a inscrición do equipo na Copa segundo o establecido no Artigo 5.
- Entregar á AMOU as fichas de inscrición dos xogadores que compoñen o equipo, debidamente cumprimentadas e asinadas.
- Recadar as cotas do equipo e dos xogadores e realizar os correspondentes ingresos na conta bancaria da AMOU nos prazos indicados no Artigo 6.
- Comunicar en tempo e forma as altas de baixas dos xogadores do seu equipo.
- Enviar á AMOU en tempo e forma os resultados das partidas disputadas polo seu equipo.
- Comprobar nas notificacións que se envían que os datos referentes ao equipo do que é Capitán, os seus propios datos e mailos datos dos xogadores que compoñen o equipo son correctos, solicitando a corrección dos datos erróneos.
- Revisar periodicamente as notificacións enviadas ao correo electrónico facilitado.
- Organizar os xogadores do seu equipo para que o día sinalado para disputar as partidas, o equipo, dispoña dos xogadores necesarios.



- Firmar a Acta de cada eliminatoria.
- En caso de ausencia, delegará puntualmente as súas funcións nun xogador presente na eliminatoria.

Artigo 4. Comisión disciplinaria.

A Comisión disciplinaria estará regulada segundo o establecido no Artigo 4 do Regulamento de Liga.

Artigo 5. Inscripción de Equipos.

Os equipos inscritos na Liga da AMOU considéranse inscritos na Copa da mesma tempada.

A inscrición de equipos que non disputen a Liga estará aberta ate cinco días antes respecto da data de inicio da Copa. Será deber do Capitán ou representante do equipo formalizar a inscrición do equipo abonando na conta bancaria da AMOU a cota de inscrición.

Artigo 6. Inscripción de Xogadores.

No momento da inscrición dun equipo que non dispute a Liga, deberá realizar a inscrición de tódolos xogadores que o compoñen.

Será deber do Capitán ou representante do equipo formalizar a inscrición dos xogadores, que realizará enviando os datos dos xogadores á AMOU. O Capitán dos xogadores inscritos en tempo e forma, terá un mes de prazo para entregar as fichas que faltasen e abonar as cotas de ditos xogadores.

Os xogadores que se inscriban a posteriori desa data, terán 4 días para entregar a ficha de inscrición correctamente cumprimentada (no caso de novos socios) e abonar a cota de socio na conta bancaria da AMOU.

CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN DA COPA

Artigo 7. Calendario da Copa e sorteo do cadro.

As datas para disputar as distintas eliminatorias de Copa serán as estipuladas no calendario da Liga de mus realizado o primeiro xoves de setembro pola Comisión da Liga.

O sorteo do cadro será público e anunciarase o *lugar e hora* aos capitáns dos equipos participantes polos medios habituais da AMOU.

Este sorteo será puro, sen cabezas de serie nin distincións por grupos ou divisións. No sorteo entrarán tódolos equipos participantes na competición de Liga desa tempada e aqueles que se houberan inscrito para disputar a Copa. O número co que cada equipo participará no sorteo, corresponderase coa posición obtida da clasificación do campionato de liga correspondente a xornada anterior a data do sorteo de Copa (*entendendo que a primeira división ten mellor clasificación que a segunda*), engadindo a continuación os equipos de nova incorporación en estrito orde de inscrición.

En caso necesario, disputaranse eliminatorias previas ata acadar un cadro que sexa potencia de 2. As eliminatorias previas serán disputadas entre os equipos con peor clasificación segundo o criterio antes descrito.

Artigo 8. Dos equipos.

Os equipos que participen na Copa da AMOU, deberán ter un mínimo de 6 xogadores.



Non está permitido que ningún xogador dispute mais de unha partida nunha mesma eliminatoria (non se permite dobrar).

Artigo 9. Criterio para a elección do equipo Local e Visitante.

En cada eliminatoria, dirimirase que parella xoga como Local segundo o seguinte:

- 1) Xogará como Local o equipo que menos partidas xogase como local neste campionato.
- 2) En caso de empate, xogará como Local o equipo peor clasificado (segundo o Artigo 7, parágrafo 3º).

Publicarase na web e remitirase por e-mail o cadro da eliminatoria situando como Local o equipo segundo os criterios anteriores.

NOTAS: Na primeira rolda, os equipos de nova inscrición xogarán como visitantes respecto de aqueles que se atopen xogando a competición de Liga.

Ningunha Sede poderá acoller mais de 2 equipos xogando como Local. En caso de que se exceda este límite, aplicando o criterio antes descrito, terá prioridade para xogar como Local na Sede o equipo con peor clasificación.

CAPÍTULO III. AS ELIMINATORIAS

Artigo 10. Horarios.

O día e a hora para xogar as tres partidas de tódolos enfrontamentos serán as 20:30 horas da data sinalada no calendario.

Como excepción:

- 1) O capitán do equipo que tivese problemas en adaptarse a ese horario, como máximo 30 horas antes da sinalada, porase en contacto co capitán do equipo contrario para concretar as modificacións. Se por algún motivo non conseguise contactar co rival, deberá poñelo de inmediato en coñecemento de calquera membro da CD ou da Directiva.
- 2) En caso de non poñerse en contacto entre eles e que non se houberse comunicado á CD ou Xunta Directiva, sobreentendese que os dous equipos dispoñen das tres parellas para xogar o día sinalado as 20:30 horas.
- 3) En todo caso, para calquera dúbida ou falta de acordo entre as partes, poderase consultar á CD ou a un membro da Xunta Directiva, estando dispoñible en calquera momento a traveso do correo electrónico info@museirosourense.org.

** Causas de forza maior: no caso de que un equipo, sen avisar ao equipo contrario e por causas de forza maior, non poida disputar unha ou mais partidas, dará aviso á Comisión Disciplinaria ou membro da Xunta Directiva para solicitar o aprazamento das partidas ou enfrontamento, sendo a Comisión Disciplinaria ou Xunta Directiva quen informe ao equipo contrario e, tras estudar os motivos expostos, poderá aprazar a xornada ou as partidas que se consideren necesarias.*

Artigo 11. Representante do equipo.

O representante do equipo será, a tódolos efectos, o Capitán. No caso de que o Capitán non estea presente durante as partidas, será obrigatorio que exista un representante do equipo que asumirá provisionalmente as funcións de Capitán.

Artigo 12. Incidencias.

Ningunha parella estará obrigada a esperar mais de 30 minutos despois da hora oficial de comezo da partida ou da acordada entre os capitáns.



Excedido dito período de tempo, daráselle por perdida a partida ao equipo que non se presente salvo acordo de ambas partes.

Os Capitáns dos equipos deberán poñer as posibles incidencias en coñecemento da CD ou da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV. AS PARTIDAS

Artigo 13. Protocolo de enfrontamentos.

Chegado o día e hora fixada, para dirimir os distintos enfrontamentos, procederase do seguinte xeito:

Cada equipo deberá numerar aos seus xogadores do 1 ao 6, a discrecionalidade de cada equipo; de modo que as parellas formaranse do seguinte xeito:

- Parella nº 1: xogadores 1 e 2, Parella nº 2: xogadores 3 e 4, Parella nº 3: xogadores 5 e 6.
- Cada capitán entregará de xeito simultáneo ao outro a lista numerada das parellas, e os enfrontamentos serán entre as parellas nº 1 de cada equipo, as nº 2 e as nº 3, respectivamente.
- O xogador nº 1, 3 e 5 do equipo mellor clasificado na liga serán os primeiros en sentarse na mesa, e a súa dereita sentarase o xogador nº 1, 3 e 5 do equipo peor clasificado. No caso de equipos de diferentes categorías, sentaranse primeiro os xogadores nº 1, 3 e 5 do equipo de categoría superior. As categorías son, nesta orde: 1ª División, 2ª División e Non inscritos na Liga.

**En caso de enfrontamento de dous equipos non inscritos na liga, a orde será por sorteo.*

- Si un dos equipos soamente dispuxera de dúas parellas para xogar, daráselle unha partida como gañada ao outro equipo, e xogarán as dúas restantes.
- En caso de non poder contar á hora da partida con polo menos dúas parellas, daráselle o enfrontamento como perdido.

Artigo 14. Regulamento de xogo

O regulamento de xogo será o vixente na AMOU que se atopa publicado en: <http://reglamento.museirosourense.org/>.

Artigo 15. Resultado da eliminatoria.

Considerase gañador e por tanto pasa a seguinte eliminatoria o equipo que gañe 2 ou 3 partidas, independentemente do musaveraxe.

Artigo 16. Comunicación de Resultados.

Finalizadas tódalas partidas de cada xornada, o Capitán do equipo vencedor remitirá o resultado da eliminatoria a AMOU polos medios habilitados a tal efecto.

O envío de resultados realizarase como máximo o día seguinte da data sinalada para cada eliminatoria as 12:00 horas. O incumprimento deste punto ocasionará sancións que serán determinadas pola CD, considerando retraso no envío si este se realiza dentro das 48h seguintes ao límite establecido. Superadas as 48h considerarase que os resultados non foron enviados.



CAPÍTULO V. RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 17. Normas xerais.

Calquera socio que teña coñecemento de algunha infracción, comunicarllo a calquera membro da CD, da Xunta Directiva ou a o correo electrónico info@museirosourense.org

Do mesmo xeito, tódalas infraccións e as sancións que estas carreen, serán comunicadas ós membros da Comisión da Liga.

Tódalas comunicacións que se realicen entre Capitáns, Comisión Disciplinaria, Xunta Directiva... realizaranse por correo electrónico, quedando deste xeito constancia dos horarios.

Artigo 18. Protocolo de actuación da Comisión Disciplinaria.

A Comisión Disciplinaria escoitará en período de información aos Capitáns dos equipos afectados nas 48 horas seguintes ao aviso da suposta infracción.

Nos seguintes 7 días, a Comisión Disciplinaria estudara o acontecido e fará a proposta de resolución de maneira xustificada, en base ao presente Regulamento da Liga e resto de Regulamentos e Estatutos da AMOU, á Xunta Directiva, que a comunicará aos Capitáns dos equipos afectados, que terán 48 horas para presentar alegación á proposta de resolución.

A vista das alegacións presentadas, nun prazo non superior a 48 horas, a Comisión Disciplinaria propondrá a resolución definitiva á Xunta Directiva que resolverá, nun prazo non superior a 72 horas, e o comunicará aos Capitáns dos equipos afectados e á Comisión da Liga. Esta decisión será inapelable.

Tódalas comunicación serán efectuadas mediante correo electrónico á conta que os Capitáns facilitaron segundo o Artigo 3 do presente Regulamento. Para comunicacións coa Xunta Directiva, ademais dos facilitados polos membros da Xunta Directiva, estará dispoñible info@museirosourense.org

Artigo 19. Tipos de sancións.

- 1) Sancións GRAVES: Amoestación.
- 2) Sancións MOI GRAVES: Expulsión de xogadores ou do equipo (sen que se poida recuperar até pasado un ano).

Artigo 20. Infraccións GRAVES.

Sancionaranse con amoestación por correo electrónico as seguintes:

- 1) Cantas infraccións do presente procedemento ou regulamento de xogo se cometan por primeira vez e non estean previstas nos apartados de faltas moi graves.
- 2) A falta de respecto e consideración para con outro xogador no transcurso dun torneo ou competición.
- 3) O retraso no envío dos resultados dunha eliminatoria por parte do Capitán.
- 4) O incumprimento dun mandato da Comisión Disciplinaria, Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral, sempre que se produza por primeira vez e que non altere de forma notoria a actividade de Asociación nin os seus fines.
- 5) Os malos tratos de palabra ou obra a outro xogador ou terceiro durante o transcurso dunha competición ou reunión dun órgano ou comisión.



Artigo 21. Infraccións MOI GRAVES.

Sancionaranse coa expulsión do xogador, xogadores ou do equipo as seguintes:

- 1) Incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente a outros xogadores ou equipos.
- 2) Non cumprir ou inducir a outros socios a que non cumpran os acordos da Comisión ou da Xunta Directiva.
- 3) Falsificación de documentos, firmas ou datos análogos, propios da competición.

CAPITULO IV. A SUPERCOPA

Artigo 22. Calendario da Supercopa.

As datas para disputar os enfrontamentos da Supercopa serán as acordadas polos capitáns de ambos equipos que se comunicarán á CD e Xunta Directiva, nos meses de agosto ou setembro da tempada seguinte a que gañasen o dereito a disputala.

Artigo 23. Dos equipos que disputan a Supercopa.

Disputarán a Supercopa o Campión de Liga e o Campión de Copa. En caso de que un mesmo equipo gañase ambos títulos, disputaraa contra o equipo Subcampión de Copa.

En caso de que un equipo renunciase a xogala, ocupará o seu posto o seguinte equipo na clasificación da competición correspondente.

Artigo 24. Sistema de competición.

O sistema de competición será a dobre enfrontamento (a ida e volta).

O primeiro enfrontamento (Ida) xogarase na casa do Campión de Copa, utilizando para elo o sistema da Copa (3 partidas a 5 xogos gañados) utilizando o protocolo de enfrontamento de Copa.

Artigo 13 do presente Regulamento.

O segundo enfrontamento (Volta) xogarase na casa do Campión de Liga, utilizando para elo o sistema de Liga (4 partidas a 5 xogos gañados) utilizando o protocolo de enfrontamentos de Liga (Artigo 19 do Regulamento de Liga).

Artigo 19. Protocolo de enfrontamentos.

Chegado o día e hora fixada, para dirimir os distintos enfrontamentos, procederase do seguinte xeito:

- 1) *O capitán do equipo local facilitaralle o Acta ao capitán visitante antes do comezo das partidas, que cumprimentara coas parellas que disputarán os enfrontamentos.*
- 2) *O capitán do equipo local, completará o Acta coas parellas que decida para cada enfrontamento e mandará que tomen asento os seus xogadores.*
- 3) *O capitán do equipo visitante elixirá as posición na mesa dos xogadores.*

Artigo 25. Campión da Supercopa.

Será Campión da Supercopa o equipo que gañe 4 o mais partidas das 7 a disputar, independentemente do musaveraxe global.